



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Valores Cívicos e Éticos	Departamento	FILOSOFÍA
Docente	Carlos Mendaña Pardo		
Curso/Grupo	3º ESO	Ano académico	2023-24
Contidos			
1º Trimestre	Unidade 1: Ser cos demais. Unidade 2: Saberes e destrezas.		
2º Trimestre	Unidade 3: O teu nome. Unidade 4: Un pacto en liberdade.		
3º Trimestre	Unidade 5: Un mundo libre e seguro. Unidade 6: O cambio nas túas mans.		
Obxectivo			
<ul style="list-style-type: none"> · Cómpre inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada. · Cómpre actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común. · Deberá entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables. · Cómpre mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza. 			
Metodoloxía			
<p>A partir da instrución directa o profesor terá un papel facilitador das principais cuestións a abordar na materia que deberían consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de reflexións morais e cívicas, nas que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade moral en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática. O alumnado deberá coñecer as canles de participación cidadá na contorna da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudábeis e sustentábeis e, sobre todo, baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica. Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son a aprendizaxe significativa; isto é, partindo dos coñecementos previos do alumnado ser capaces de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade. Por outra banda, temos a aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán debates, o que fortalecerá a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo da clase. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs, parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, vídeos divulgativos, exposicións interactivas, etc. A base do traballo que se fará na materia de Valores Cívicos e Éticos estará dirixido á propia investigación e á aprendizaxe autónoma a través de propostas individuais ou en grupos nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos dende un punto de vista creativo e de descubrimento, por iso gran parte do desenvolvido na aula terá continuidade nas actividades propostas polo libro electrónico (EDEBE), nos debates e postas en común na aula e presentación, se é o caso, de traballos voluntarios. Ademais, terase daquela en conta a actitude, a participación e a implicación (rúbricas) do alumnado cara a materia Contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos a través da web de Eva e-dixgal, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e do realizado na aula a través dunha proba escrita. A materia tamén deberá contribuir a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro.</p>			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>1. Proceso de cualificación trimestral: Ao final de cada avaliación teranse en conta dúas porcentaxes: 1. As probas escritas, cando menos unha por avaliación, calquera que sexa o seu formato (comentario de texto, comentario dun documental visto en clase, proba de respostas curtas ou tipo test), suporá o 80 % da cualificación global (ata 8 puntos e unha proba por trimestre). 2. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación na aprendizaxe baseada no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 20% (2 puntos). 3. Nota.- As actividades voluntarias e comportamento na aula servirán para redondear/subir a nota media da avaliación.</p> <p>Á nota de cada avaliación, partindo de que o aprobado está establecido a partir do 5 na nota da proba ou media das probas escritas, aplicaráselle as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 5.5 ou un 5.6 se redondean ao 6). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 5.4 ou un 5.3 se redondean ao 5). A copia, uso de móbiles ou calquera medio electrónico ou informático nunha proba ou a presentación de traballos plaxiados será valorado con cero (0) puntos, e podería supoñer a anulación da realización do exercicio. Para as cualificacións das probas terase en conta o correcto uso da lingua galega, a corrección,</p>			

adecuación e coherencia dos textos escritos. O correcto uso do vocabulario propio das unidades impartidas e en xeral do filosófico e científico. O alumnado deberá demostrar que comprende correctamente as teorías, hipóteses e teses propias dos contidos da materia así como o uso correcto dos nomes dos autores, escolas e correntes filosóficas.

2. Proceso de recuperación de partes pendentes: Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar aquelas actividades que o profesor establece para a recuperación dalgúns contidos parciais

3. Determinación da cualificación final da materia:

A nota final será a media aritmética das notas das avaliacións Para realizar o redondeo da nota final, unha vez superada a materia de curso, o alumnado deberá realizar unha actividade após a terceira avaliación valorada nun máximo de 0'5 puntos. Unha vez realizada a nota media das tres avaliacións, voluntariamente o alumnado poderá realizar unha proba ou outra actividade para subir a nota media final do curso até un (1) punto como máximo.

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores

NON PROCEDE ESTE CURSO

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

Con respecto á recuperación final, sempre que a nota media das tres avaliación non supere o 5, o alumnado terá que realizar unha proba de preguntas (máximo 10) respondendo aos contidos non superados durante o curso e valorada en 10 puntos. No caso de ser parcial, servirá para realizar unha nova nota media do curso e se a proba fose sobre a totalidade dos contidos do curso, será a nota final do curso atinxida polo alumno ou alumna.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

Valorarase a boa presentación das probas, a comprensión das teorías, o bo uso do vocabulario filosófico, a capacidade de comprensión, análise e síntese, o bo razoamento e o uso de argumentos pertinentes, o respecto polos valores éticos e a súa praxe, o respecto polos/as compañeiros/as. Negativamente, a falta de corrección escrita, as actitudes racistas, xenófobas e sexistas, a falta de solidariedade e empatía, a non realización das tarefas e a falta de actitude para aprender.

A **non presentación** a unha proba sen xustificante médico (ou similar) será equivalente a un cero e será obrigatorio recuperala. A **copia** nos exercicios ou dos traballos será equivalente a un cero e será obrigatorio recuperalos.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Valores Éticos	Departamento	Filosofía
Docente	Lúa Miranda Uzal,		
Curso/Grupo	3º E.S.O	Ano académico	2023/2024
Contidos			
1º Trimestre	<p>Introducción a conceptos como: Ética e moral e o que nos caracteriza como persoas</p> <p>Traballamos as unidades 1 e 2:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Ser cos demais -Saberes e destrezas 		
2º Trimestre	<p>Traballamos o concepto de identidade persoal nas unidades 3 e 4:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O teu nome -Un pacto en liberdade 		
3º Trimestre	<p>Traballamos arredor do coñecemento dos dereitos humanos e o concepto de globalización nas unidades 5 e 6:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Un mundo libre e seguro -O mundo nas túas mans 		
Obxectivo			
Os marcados polo Decreto da lei LOMLOE polo que se establece o currículo da educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia			
Metodoloxía			
Metodoloxía aberta e flexible. Os recursos utilizados ademáis dos reflexados na aula virtual de Edixgal serán aqueles en papel queo profesor considere oportuno.			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>Proceso de cualificación trimestral:</p> <p>Probas escritas. Faranse unha ou máis probas por avaliación : 80% da nota</p> <p>Proba oral: Intervencións e exposicións: 20% da nota</p>			

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar aquelas actividades que o profesor estableza para a recuperación dalgúns contidos parciais

Proceso de recuperación de pendentes:

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade. O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO)

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



Materia	FILOSOFÍA		Departamento	FILOSOFÍA
Docente	Dosinda Sánchez Rodríguez			
Curso/Grupo	4º ESO	Ano académico	2023/2024	
Contidos				
1º Trimestre	Unidade 1: A filosofía. Unidade 2: A identidade persoal.			
2º Trimestre	Unidade 3: A socialización. Unidade 4: O pensamento.			
3º Trimestre	Unidade 5: Realidade metafísica. Unidade 6: Transformación			
Obxectivo				
<p>A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquiredanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirille para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.</p> <p>A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoo á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.</p>				
Metodoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> • Instrucción directa: Explicación ampla do tema con comentarios de texto e lectura de documentos. • Libro de texto dixital (Edixgal: eva.edu.xunta.gal) • Realización de comentarios de texto, traballos e composicións filosóficas. • Visualización de documentais ou outros documentos audiovisuais para o seu posterior análise e comentario. • Debates ou exposicións orais sobre temas correspondentes ás unidades impartidas. 				
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)				
<p>1. Proceso de cualificación trimestral: Unha proba ou dúas por trimestre con comentario de texto valorado en tres (3) puntos e preguntas relacionadas cos contidos impartidos durante o trimestre (80% de ponderación). A nota de coñecementos será a nota media das probas realizadas. Participación, interese pola materia, actitude e realización das tarefas como mapas conceptuais, comentarios de texto, traballos, composicións filosóficas, etc., propostas polo profesor (20% de ponderación). Non serán recuperábeis.</p> <p>2. Proceso de recuperación de avaliacións pendentes Recuperación por avaliación mediante unha proba e sempre despois de realizada a avaliación</p> <p>3. Determinación da cualificación final ó remate da 3ª avaliación. Media aritmética das tres avaliacións, redondeándose ao enteiro seguinte a partir do 0.5</p>				
Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)				
Os alumnos que non obtiveran un 5 en cada trimestre polo procedemento de avaliación continua, realizarán unha proba similar ás ordinarias de avaliación: comentario de texto, definicións, preguntas cortas e exposicións				
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación				
<p>Valorarase a boa presentación das probas, a comprensión das teorías, o bo uso do vocabulario filosófico, a capacidade de comprensión, análise e síntese, o bo razoamento e o uso de argumentos pertinentes, o respecto polos valores éticos e a súa praxe, o respecto polos/as compañeiros/as. Negativamente, as faltas de ortografía e gramaticais, as actitudes racistas, xenófobas e sexistas, a falta de solidariedade e empatía, a non realización das tarefas e a falta de actitude para aprender.</p>				

A non presentación a unha proba sen xustificante médico (ou similar) será equivalente a un cero e será obrigatorio recuperala.
A copia nos exercicios ou dos traballos será equivalente a un cero e será obrigatorio recuperalos.
(Nota.- Ver a programación completa do departamento de Filosofía na páxina web do Instituto)

(Extracto da programación do departamento)



Materia	FILOSOFÍA	Departamento	FILOSOFÍA
Docente	YOLANDA ESPIÑEIRA MARTÍNEZ, CARLOS MENDEÑA		
Curso/Grupo	TODOS	Ano académico	2023-24
Contidos			
1º Trimestre	TEMA 1: O saber filosófico TEMA 2: Metafísica TEMA 3: Ciencia e tecnoloxía. TEMA 4: Coñecemento e verdade.		
2º Trimestre	TEMA 5: O universo e a súa orixe TEMA 6: Naturaleza e cultura. TEMA 7: Símbolos: arte e linguaxe TEMA 8: A reflexión filosófica sobre o ser humano.		
3º Trimestre	TEMA 9: Ética e moral TEMA 10: Os sistemas éticos e os seus retos actuais. TEMA 11: Sociedade, xustiza e democracia. TEMA 12: Utopía e Dereitos Humanos.		
Obxectivo			
Metodoloxía			
<ul style="list-style-type: none"> • Instrucción directa, explicación por parte do profesor. • Lectura de textos e documentos. • Actividades e comentarios de textos. • Traballos de investigación e posterior exposición oral. 			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>1. Proceso de cualificación trimestral: PROBAS ESCRITAS (90%) <i>TEMPORALIZACIÓN: Cada dous temas, aproximadamente dúas por trimestre.</i> <i>CONTIDO: Comentario de texto, definicións, preguntas.</i></p> <p>PRODUCCIONES E OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA (10%) <i>Investigacións individuais ou en grupo (uso das TIC), reflexión e debate posterior. Comentarios de texto. Exposicións de lecturas.</i> <i>Atención ás explicacións. Participación en problemas ou preguntas que propoña o profesor ao fío da exposición. Ter actualizado o caderno de clase, etc.</i></p>			
<p>2. Proceso de recuperación de partes pendentes <i>Proba escrita. O non presentado valorarase como cero.</i></p>			
<p>3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación (ESO e BAC) <i>Media aritmética das tres avaliacións, redondeándose ao enteiro seguinte a partir do 0.5.</i></p>			
<p>4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Actividades e tutorización a través da Aula Virtual. 2. Probas escritas parciais: Xaneiro e abril. Final: Maio. 			
Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)			
Proba escrita por avaliacións. Valoración de traballos realizados durante o curso.			
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación			
A corrección, presentación e adecuación tanto oral como escrita será obxecto de avaliación. Non presentarse a unha proba será contabilizado como un cero. A copia ou plaxio en probas ou traballos equivalerá a un cero.			

(Extracto da programación do departamento)

Materia	PSICOLOXÍA		
Docente	YOLANDA ESPÍÑEIRA MARTÍNEZ		
Curso/Grupo	2º BACH	Ano académico	2023/2024
Contidos			
1º Trimestre	1. A PSICOLOXÍA COMO CIENCIA 2. FUNDAMENTOS BIOLÓXICOS DA CONDUTA e O PENSAMENTO 3. OS PROCESOS COGNITIVOS BÁSICOS: SENSIBILIDADE, PERCEPCIÓN, ATENCIÓN E MEMORIA. TRASTORNOS. 4. PROCESOS COGNITIVOS SUPERIORES: APRENDIZAXE.		
2º Trimestre	5. PROCESOS COGNITIVOS SUPERIORES: PENSAMENTO E INTELIXENCIA 6. A CONSTRUCCIÓN DO SER HUMANO. MOTIVACIÓN, PERSONALIDADE, SEXUALIDADE E AFECTIVIDADE 7 A CONSTRUCCIÓN DO SER HUMANO: PERSONALIDADE E TRASTORNOS. 8. CONTRUCCIÓN DO SER HUMANO: CONCIENCIA, INCONSCIENCIA E SEMICONSCIENCIA.		
3º Trimestre	9. PSICOLOXÍA SOCIAL: CONOCIMIENTO E INFLUENCIA SOCIAL 10. PSICOLOXÍA SOCIAL: PSICOLOXÍA DOS GRUPOS E DAS ORGANIZACIÓNS		
OBXETIVOS:			
a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade. b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social. i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego. m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.			
Metodoloxía			
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura de textos e documentos. Visonado de vídeos • Actividades • Traballos de investigación e posterior exposición oral. 			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			

INSTRUMENTOS		PESO
PROBAS ESCRITAS	<p>TEMPORALIZACIÓN: Unha por trimestre. É necesario obter un 5 e entregar os traballos para poder facer media.</p> <p>CONTIDO: Comentario de texto, definicións, preguntas cortas e exposicións</p>	75%
PRODUCCIONES E OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA	<p>Investigacións individuais ou en grupo (uso das TIC), reflexión e debate posterior. Comentarios de texto. Atención ás explicacións.</p> <p>Participación en problemas ou preguntas que propoña o profesor ao fío da exposición. Ter actualizado o caderno de clase, etc.</p>	25%
Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)		
<p>Proba similar ás ordinarias de avaliación: comentario de texto, definicións, preguntas cortas e exposicións. Será necesario obter un 5 para aprobar.</p>		
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación		
<p>A presentación, corrección ortográfica e gramatical dos textos será tida en conta na avaliación das probas.</p> <p>Non presentarse a unha proba de recuperación implica que a nota dela é un cero.</p> <p>Copiar nunha proba escrita, ou o plaxio nun traballo, será un cero na proba ou traballo.</p>		



Materia	HISTORIA DA FILOSOFÍA	Departamento	FILOSOFÍA
Docente	YOLANDA ESPIÑEIRA MARTINEZ		
Curso/Grupo	2º BACH A e B	Ano	23-24
Contidos (indicacións xenéricas, non mais de 2/3 liñas por trimestre.)			
1º Trimestre	Bloque clásico- medieval: -A orixe do cosmos na corrente presocrática- Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas-Realidade e coñecemento en Platón-Platón: antropoloxía e políticas-Física e Metafísica en Aristóteles-Ética e política en Aristóteles-O problema razón/fe na Filosofía Medieval.		
2º Trimestre	Bloque moderno- ilustrado: Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito-O liberalismo político de Locke-Razón e progreso na Ilustración-Os límites do coñecemento en Kant-A lei moral en Kant.		
3º Trimestre	Bloque contemporáneo: Alienación e ideoloxía en Marx. -Nietzsche: crítica da cultura occidental-Ortega y Gasset: a razón vital.		
Obxectivo			
Metodoloxía			
Instrucción directa por parte do profesorado. Lectura de textos. Memorización comprensiva. Elaboración de comentarios e mapas conceptuais.			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral Dúas probas escritas por avaliación, excepto na última, que será só unha. Esquema de proba da ABAU.			
2. Proceso de recuperación de partes pendentes Unha proba escrita por avaliación			
3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación: Media aritmética das tres avaliacións. Redondéase ao enteiro seguinte a partir do 0,5			
4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores Traballo guiado e dúas probas escritas.			
Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)			
Proba escrita tipo ABAU			
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación			
Non presentarse a unha proba de recuperación implica que a nota dela é un cero. Copiar nunha proba escrita, ou o plaxio nun traballo, será un cero na proba ou traballo. Na escrita valorarase ate con dous puntos a presentación, corrección e adecuación			

(Extracto da programación do departamento)